

**ACORDO do 16 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Ampliación Alto da Croa II, no concello de Dumbría (expediente IN408A 2019/020), DOG Núm. 194, de 11 de outubro de 2022. **Fin prazo para alegacións: 24/11/2022****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221011/AnuncioV0653-190922-0005\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221011/AnuncioV0653-190922-0005_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Ampliación Alto da Croa II (expediente IN408A 2019/20)	Wind Premier O Pedregal, S.L.U. (CIF: B70578448)	Dumbría (A Coruña)	<p>Trátase dunha ampliación do parque eólico en funcionamento Alto da Croa II (expediente IN661A 2010/4-1), que consiste basicamente na instalación dun novo aeroxerador e dun centro de control e medida.</p> <p>Características técnicas da instalación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un (1) aeroxerador de tres pas, modelo SG 4,5-145 de Siemens Gamesa ou similar, de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, con velocidade e paso variables, altura ata a buxa de 90 m e un diámetro do rotor de 145 m.</li> <li>• Un (1) centro de transformación trifásico montado no interior da góndola do aeroxerador, con transformador de illamento seco, potencia aparente unitaria 5.500 kVA e relación de transformación 30/0,69 kV.</li> <li>• Un (1) centro de control e medida constituído por un edificio prefabricado, en cuxo interior se incorporan todos os compoñentes eléctricos.</li> <li>• Un (1) sistema eléctrico colector de media tensión (MT) formado por un circuíto de 30 kV en instalación soterrada que ten como obxecto a canalización da enerxía xerada pola aeroturbina ata o centro de control e medida. O cable empregado será condutor tipo RHZ1/OL 18/30 kV Al de 240 mm<sup>2</sup> de sección.</li> <li>• A posta a terra da rede de MT está constituída por un cable de cobre espido, de sección 50 mm<sup>2</sup>, tendido ao longo da canalización de MT.</li> <li>• O cableado das comunicacións será de fibra óptica monomodo 24 fibras.</li> <li>• A liña de evacuación da enerxía xerada no parque eólico Ampliación Alto da Croa II, que vai desde o centro de control e medida deste parque ata o centro de seccionamento do parque eólico Alto da Croa II, será unha liña 30</li> </ul>

			<p>kV que non está incluída dentro do alcance do presente proxecto, senón que será obxecto doutro independente que se encontra actualmente en tramitación.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Desde o centro de seccionamento do parque eólico Alto da Croa II, a enerxía evacuarase na subestación colectora A Lagoa 30-66/220 kV para chegar finalmente á rede de transporte do nó Regoelle (subestación Regoelle 220 kV). Tanto a subestación colectora A Lagoa 30-66/220 kV (antigamente chamada Regoelle 20-66/220 kV, expediente IN407A 2016/3040-1) como a subestación Regoelle 220 kV (expediente IN407A 2009/299-1, propiedade de REE) están actualmente en servizo.</li></ul>
--	--	--	--

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 9.8.2022).

1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

1.2. A relación concreta e individualizada das persoas propietarias de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura no anexo que se insire neste acordo.

1.3. Planos parcelarios dos predios afectados polo proxecto.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 7.2.2022).

3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (visado o 9.9.2022).